Esta tarifa abrangue a utilización das augas do porto e bacías, accesos terrestres, vías de circulación, zonas de manipulación e estacións marítimas e servizos xerais de policía.

**Tarifa X-4.**

**Pesca fresca.**

Esta tarifa abrangue a utilización polos buques pesqueiros en actividade e os produtos da pesca marítima fresca, das augas do porto, instalacións de balizamento, peiraos, bacías, zonas de manipulación e servizos xerais ou de policía.

**Tarifa X-5.**

**Embarcacións deportivas e de recreo.**

Esta tarifa abrangue a utilización polas embarcacións deportivas e de recreo, e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións e de balizamento, das axudas á navegación, das bacías e zonas para fondear, dos servizos xerais de policía e, no seu caso, das instalacións de amarre e atraque en peiraos ou pantaláns.



**Tarifa E-1.**

**Guindastres de pórtico.**

Esta tarifa abrangue a utilización dos guindastres de pórtico convencionais ou non especializados.

**Tarifa E-2.**

**Almacenaxe, locais e edificios.**

Esta tarifa abrangue a utilización de explanadas, alpendres, galpóns, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesións.

**Tarifa E-3.**

**Fornecementos.**

Esta tarifa abrangue o valor dos produtos ou enerxía fornecidos e a utilización das instalacións para a prestación deles.

**Tarifa E-4.**

**Servizos diversos.**

Esta tarifa abrangue calquera outro servizo prestado polo organismo portuario, non enumerado nas restantes tarifas e que se estableza especificamente en cada porto ou se presente logo de aceptaren o orzamento os peticionarios.

**Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia (TODP)**

Grava a ocupación por terceiros dos terreos do porto, das súas augas e das obras e instalacións, de ser o caso. A contía da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame correspondente.

A base imponible da taxa será o valor do ben, é dicir, o valor dos terreos ocupados, dos espazos de auga e do valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións en concesión no momento do seu outorgamento, calculado sobre a base de criterios de mercado.

**Tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos (CIS).**

A prestación por terceiros de servizos e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario estarán suxeitos a autorización, que devengará a correspondente taxa a favor da Administración portuaria. Os elementos cuantitativos desta taxa serán o tipo, o volume de actividade e mais a utilidade obtida.



### 3.7. RESULTADO ORZAMENTARIO

RESULTADO PRESUPOSTARIO							
CONCEPTOS	CRÉDITOS INICIAIS 2020	MODIFICACIÓN COVID 2020	CRÉDITOS DEFINITIVOS 2020	DEREITOS/OBRIGAS RECOÑECIMIENTOS NETAS 2020	DEREITOS/OBRIGAS RECOÑECIMIENTOS NETAS 2019	% DE EXECUCIÓN	Nº DE VARIACIÓN INTERANUAL
Ingresos correntes	18.084.881 €	1.862.201 €	16.222.680 €	16.271.047 €	18.374.235 €	100%	-11%
Gastos correntes	15.859.358 €	1.446.035 €	17.305.392 €	15.771.898 €	13.932.656 €	91%	13%
<b>SALDO CONTA CORRENTE</b>	<b>2.225.523 €</b>	<b>3.308.236 €</b>	<b>1.082.713 €</b>	<b>499.149 €</b>	<b>4.441.579 €</b>	<b>-46%</b>	<b>-89%</b>
Ingresos de capital	7.340.865 €	-	7.340.865 €	7.290.865 €	4.755.326 €	99%	53%
Gastos de capital	13.566.388 €	220.000 €	13.786.388 €	7.751.921 €	7.199.702 €	56%	8%
<b>SALDO CONTA CAPITAL</b>	<b>- 6.225.523 €</b>	<b>220.000 €</b>	<b>6.445.523 €</b>	<b>461.056 €</b>	<b>2.444.376 €</b>	<b>7%</b>	<b>-81%</b>
<b>SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	<b>4.000.000 €</b>	<b>3.528.236 €</b>	<b>7.528.236 €</b>	<b>38.094 €</b>	<b>1.997.203 €</b>		<b>-98%</b>
<b>CRÉDITOS GASTADOS CON REM.TESOUR.</b>	<b>4.000.000 €</b>	<b>3.528.236 €</b>	<b>7.528.236 €</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>



### 3.8. OUTRA INFORMACIÓN DA MEMORIA

#### 3.8.1. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

TIPO DE CONTRATO	CONCURSO	PROCEDEMENTO NEGOCIADO	C. MENORES	CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN FINAIS DE OBRA	OUTROS	TOTAL
<b>1. Obras</b>	6.387.645,10 €	0,00 €	1.918.796,94 €	208.463,27 €	0,00 €	8.514.905,31 €
<b>2. Xestión de Servizos</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>3. Subministración</b>	24.656,00 €	0,00 €	189.839,18 €	0,00 €	0,00 €	214.495,18 €
<b>4. Consultaría e asistencia</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>5. De servizos</b>	277.893,56 €	0,00 €	957.206,34 €	0,00 €	0,00 €	1.235.099,90 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.690.194,66 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>3.065.842,46 €</b>	<b>208.463,27 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>9.964.500,39 €</b>

#### 3.8.2. PERSOAL PORTOS DE GALICIA

	Nº DE EMPLEADOS	EUROS
<b>100 Retribucións a altos cargos</b>	2	113.791,30 €
<b>120 Retribucións persoal funcionario</b>	2	75.738,67 €
<b>130 Retribucións persoal laboral fixo</b>	63	2.279.070,40 €
<b>131 Retribucións persoal laboral eventual</b>	49	1.261.414,84 €
<b>160 Cotizacións sociais</b>		988.201,42 €
<b>161 Indemnizacións</b>		0,00 €
<b>162 Formación e perfeccionamento</b>		2.636,63 €
<b>TOTAL</b>	<b>116</b>	<b>4.720.853,26 €</b>



## 4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



### 4.1. OBRAS PORTUARIAS


Desde a área de Infraestruturas de Portos de Galicia impulsáronse ao longo de 2020 un total de 16 actuacións maiores, das que 13 quedaron rematadas antes de final de ano e outras 3 permanecen en execución a 31 de decembro.

A continuación figuran as fichas técnicas das obras maiores executadas e en execución ao longo de 2020.

PORTO	MUNICIPIO	TÍTULO DA OBRA	PRESUPOSTO	INICIO DE OBRA	FIN DE OBRA	ESTADO A 31/12
Barallobre	Fene	Demolición de nave e acondicionamento de parcela en Maniños-Barallobre	70.103,44 €	1/8/20	4/9/20	Executada
Barallobre	Fene	Reparación de barrera de protección de instalacións en Barallobre	119.764,53 €	12/11/19	28/2/20	Executada
Burela	Burela	Ampliación e mellora de abrigo no porto de Burela (2ª fase)	1.197.934,39 €	13/2/20	10/12/20	Executada
Cabo de Cruz	Boiro	Modificado nº 1 do de Pantaláns para embarcacións de acuicultura en Cabo de Cruz	5.732.980,00 €	4/3/19	16/12/20	Executada
Camariñas	Camariñas	Reparación da cuberta da lonxa de Camariñas	111.438,11 €	4/2/20	8/4/20	Executada
Laxe	Laxe	Dragaxe no porto de Laxe	3.662.094,04 €	11/10/19	11/4/21	En execución
Meira	Moaña	Dragaxe en Meira	243.210,00 €	10/2/20	30/5/20	Executada
Mera	Oleiros	Reparación das instalacións portuarias en Mera	158.641,85 €	3/12/19	27/4/20	Executada
Moaña	Moaña	Mellora de abrigo do dique flotante en Moaña	678.023,50 €	11/3/20	15/7/20	Executada
Muros	Muros	Demolición da nave industrial para fábrica de xeo en Muros	68.321,42 €	3/7/20	7/8/20	Executada
Noia	Noia	Mellora do acceso peonil no borde portuario de Noia	357.767,21 €	18/10/19	21/2/20	Executada
Porto do Son	Porto do Son	Acondicionamento do borde portuario de Porto do Son	4.053.794,21 €	21/7/20	20/1/22	En execución
Ribadeo	Ribadeo	Dragaxe da zona central da canle de acceso ao peirao comercial de Ribadeo	394.002,62 €	22/4/20	15/10/20	Executada
Ribeira	Ribeira	Reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón no concello de Ribeira	441.833,97 €	23/9/20	22/2/21	En execución
Viveiro-Celeiro	Viveiro	Dragaxe en Viveiro-Celeiro	1.034.550,00 €	12/12/19	31/7/20	Executada
Xufre	Illa de Arousa	Ampliación do dique flotante no Xufre	312.180,00 €	12/11/20	30/11/20	Executada

## BARALLOBRE

Demolición de nave e acondicionamento de parcela en Maniños-Barallobre



As obras consisten na demolición dunha nave industrial utilizada previamente como nave-almacén de efectos navais e auxiliar á construción marítima, en estado de abandono na actualidade.

Está situada no porto de Barallobre - Fene e ten un importante deterioro nalgúns partes da edificación. O edificio conta con planta baixa nunha parte e baixo e primeiro noutra parte. As dimensións son de 25x15m.

O edificio ten planta rectangular cun espazo principal na entrada de maior altura e apenas conta con divisións interiores.

O edificio conta con estrutura metálica, pliares, vigas, e cerchas. Os muros son de fábrica revestida e os ocios con celosía de formigón e vidro.

A demolición efectuarase seguindo a orde inversa á que corresponde a construción da obra nova, procedendo dende arriba cara abaixo.

O edificio ten cuberta de fibrocemento e prevese a existencia de amianto no correspondente plan de desamiantado.

Unha vez demolido o edificio, procederáse ao estendido de terra vexetal.

**PORTO**  
Barallobre

**MUNICIPIO**  
Fene

**TÍTULO DA OBRA**  
Demolición de naves e acondicionamento da zona portuaria de Viveiro (2ª fase)

**PRESUPOSTO**  
70.103,44 €


**INICIO DA OBRA**  
1/8/20

**FIN DA OBRA:**  
4/9/20

**ESTADO**  
Executada

## BARALLOBRE

Obra de emerxencia: reparación de barrera de protección de instalacións en Barallobre



**PORTO**  
Barallobre

**MUNICIPIO**  
Fene

**TÍTULO DA OBRA**  
Obra de emerxencia: reparación de barrera de protección de instalacións en Barallobre

**PRESUPOSTO**  
119.764,53 €

**INICIO DA OBRA**  
12/11/19

**FIN DA OBRA:**  
28/2/20

**ESTADO**  
Executada

As obras consisten na reparación da totalidade da barrera de protección das instalacións náutico recreativas do porto de Barallobre.

As obras consisten fundamentalmente no seguinte:

- ▶ Traballos previos de amarre das pantallas que quedaron na súa posición.
- ▶ Recuperación do material que quedou á deriva no mar e retirada de elementos inservibles.
- ▶ Fabricación e subministro de anelas superiores e inferiores.
- ▶ Traslado de barreiras desmontadas desde a rampla a súa ubicación na barrera.
- ▶ Traballos de elevación de barreiras, desmon-

taxe e montaxe de anelas e limpeza de mexillón con traslado a zona de contedor en terra e posterior tratamento.

- ▶ Substitución de delizaderas superiores e anelas inferiores soldadas.
- ▶ Reparación de fingers das instalacións náutico recreativas.

## BURELA

Ampliación e mellora de abrigo no porto de Burela (2ª fase)



**Burela**

**PORTO**  
Burela

**MUNICIPIO**  
Burela

**TÍTULO DA OBRA**  
Ampliación e mellora de abrigo no porto de Burela (2ª fase)

**PRESUPOSTO**  
1.197.934,39 €

**INICIO DA OBRA**  
13/2/20

**FIN DA OBRA:**  
10/12/20

**ESTADO**  
Executada



As obras consisten na construción dun espigón – peirao de 8 metros na dirección do xa existente e 50 m adicionais para mellorar o abrigo do porto e ampliar o atraque.


Proxéctase unha ampliación do muro actual do peirao nuns 8 metros na mesma aliñación apoiado na infraestrutura actual e unha prolongación do conxunto espigón-peirao nuns 50 metros adicionais pero cunha aliñación formando 120º coa actual. Nesta nova infraestrutura, o peirao terá 5 metros de calado e cantil á +5,60 e estará protexido pola parte exterior con mantos de enrochado de cantos de máis de 2000 quilos. Esta infraestrutura terá unha explanada superior de 12 metros de anchura.

A explanada estará pavimentada con MBQ.

Este peirao estará equipado con escadas metálicas en aceiro inoxidable, defensas V-300, bolardos e bitas, instalación de auga e electricidade, iluminación e varandas de aceiro galvanizado.

## CABO DE CRUZ

Pantaláns para embarcacións de acuicultura no porto de Cabo de Cruz



**Cabo de Cruz**

**PORTO**  
Cabo de Cruz

**MUNICIPIO**  
Boiro

**TÍTULO DA OBRA**  
Modificado nº 1 do de Pantaláns para embarcacións de acuicultura en Cabo de Cruz

**PRESUPOSTO**  
5.732.980,00 €

**INICIO DA OBRA**  
4/3/19

**FIN DA OBRA:**  
16/12/20

**ESTADO**  
Executada



As obras pretenden dotar ás embarcacións de acuicultura que teñen como base o porto de Cabo de Cruz de amarre a pantalán en número suficiente co fin de mellorar a seguridade e as condicións de traballo do sector pesqueiro, e ao mesmo tempo ordenar e optimizar a superficie da dársena do porto para mellorar a súa competitividade.

Os traballos incluírán as seguintes actuacións:

- › Instalación de dique aboiante
- › Obras de atracada: pilotes, pantaláns e fingers
- › Accesos
- › Dotación de servizos


Habilitaránse prazas para 14, 16, 18, 20 e 22 metros de eslora, con fingers adaptados a cada tipoloxía.

Para acceder aos pantaláns dispóñense dúas pasarelas de 18 metros de lonxitude e 2 metros de ancho e unha porta metálica.

As prazas de amarre contarán con subministración eléctrica e de auga proporcionada a través dunhas torretas instaladas ao longo dos pantaláns, que serven ademais como elemento de balizamento dos mesmos.

## CAMARIÑAS

Obra de emerxencia de reparación da cuberta da lonxa de Camariñas



**PORTO**  
Camariñas

**MUNICIPIO**  
Camariñas

**TÍTULO DA OBRA**  
Reparación da cuberta da lonxa de Camariñas

**PRESUPOSTO**  
111.438,11 €

**INICIO DA OBRA**  
4/2/20

**FIN DA OBRA:**  
8/4/20

**ESTADO**  
Executada

O pasado 18 de decembro de 2019 a borrasca Elsa ocasionou ventos moi fortes que produciron unha importante avaría na cuberta. Esta cuberta atopábase en malas condicións e a súa reparación estaba sendo obxecto de tramitación, estando xa redactado o proxecto de substitución.



Os principais perigos da instalación neste estado son o posible desprendemento dos elementos da cuberta, que poden causar danos aos usuarios e aos visitantes.


A entrada de auga causa un grande perigo na instalación eléctrica, podendo causar riscos de incendio, electrocución e outros.

Debido a que xa está redactado un proxecto construtivo, tratarase de integrar nas obras de emerxencia as unidades que xa estaban previstas no mesmo, se se consideran axeitadas dado o estado actual do edificio e o que sucedeu neste temporal.

Para atender as necesidades derivadas da situación de grave perigo, as obras terán como obxecto a reparación da totalidade da cuberta e dos elementos de sustentación se é preciso. Ademais, incluíranse os elementos de illamento que a cuberta debería levar consigo, así como a reparación dos danos causados no interior pola entrada de auga e que impiden o normal funcionamento da instalación.

## LAXE

Dragaxe no porto de Laxe



**PORTO**  
Laxe

**MUNICIPIO**  
Laxe

**TÍTULO DA OBRA**  
Dragaxe no porto de Laxe

**PRESUPOSTO**  
3.662.094,04 €

**INICIO DA OBRA**  
11/10/19

**FIN DA OBRA:**  
11/4/21

**ESTADO**  
En execución

As obras consisten na dragaxe duns 43.400 m<sup>3</sup> de rocha para deixar a dársena á cota -5 e a zona próxima ao peirao da lonxa á -3. Para realizar esta dragaxe é preciso desmontar o pantalán e pasarela, que serán reinstalados unha vez finalizada a dragaxe.

O anteproxecto tamén inclúe a instrumentación para coñecer as dinámicas do porto.

## MEIRA

Dragaxe no porto de Meira



Realizarase unha dragaxe en gabiá para acadar un espesor mínimo de 1 metro de pedraplén de cimentación. Ademais desta dragaxe realizarase unha xeral nas zonas próximas ao peirao, ata unha distancia de 15 metros do cantil. Unha vez realizada estas operacións verterase a banquetta de pedraplén.


Os bloques realizaranse e acopiaranse no propio porto. Unha vez fabricados, colocaranse sobre o pedraplén xa enrasado, cuidando a súa aliñación. Nas zonas de formas complicadas e nos acordos, empregárase formigón somerxido en lugar destes bloques.

Unha vez realizada a parte inferior dos muros e peiraos, procederáse á construción da superestrutura. Este corpo do muro realizarase ao mesmo tempo que se realiza a mampostería exterior, de xeito que as pedras queden embebidas no corpo de formigón.

As escaleiras adosadas ao muro realizaranse con pasos de pedra das mesmas características que o cantil.

Na explanada instalaranse 8 módulos de pantallán de 12 x 2,5 metros e un de 6 x 2,5 metros ancorados por medio de pilotes metálicos. Colocarase ademais 9 fingers de 5 metros de lonxitude e 6 fingers de 7 metros.

Estas novas instalacións contarán tamén con servizos de auga, electricidade e alumeados.



**PORTO**  
Meira

**MUNICIPIO**  
Moaña

**TÍTULO DA OBRA**  
Dragaxe en Meira

**PRESUPOSTO**  
243.210,00 €

**INICIO DA OBRA**  
10/2/20

**FIN DA OBRA:**  
30/5/20

**ESTADO**  
Executada

## MERA


Reparación das instalacións portuarias en Mera



O obxecto das obras é a reparación da zona do grande oco con retirada do pavimento provocado polo temporal, recheo e reforzo dos muros do dique de protección mediante recalce dos seus apoios e encintado dos paramentos.

Para elo incluíranse as seguintes actuacións:

- Levantado e recheo con pedraplén e recolocación de pavimento con base de formigón (20cm) na zona do grande oco nunha superficie de 350 m<sup>2</sup>. Ademais inclúese a reparación e sellado do pavimento do último tramo da rampla.
- Recalces do apoio do muro do dique de abrigo en diversos tramos con formigón sumerxido, previa limpeza e saneo, así como a colocación dunha escolleira de 1000 kg no primeiro tramo de 25 metros.
- Reparación de paramentos dos muros mediante a colocación das pezas que falten de mampostería, así como encintado dos paramentos e levantamento e recolocación da imposta no último tramo da rampla.
- Reconstrución do pe da rampla e morro con formigón.



**PORTO**  
Mera

**MUNICIPIO**  
Oleiros

**TÍTULO DA OBRA**  
Reparación das instalacións portuarias en Mera

**PRESUPOSTO**  
158.641,85 €

**INICIO DA OBRA**  
3/12/19

**FIN DA OBRA:**  
27/4/20

**ESTADO**  
Executada

## MOAÑA

Mellora de abrigo do dique flotante no porto de Moaña

As obras consisten na construción e instalación dun dique flotante de 140 m de lonxitude e 5 m de anchura, formado por 7 módulos de 5 m de largo e 20 m de lonxitude cada un.

Estes módulos serán bloques monolíticos de 20x5x1,8m. O interior estará recheo por poliestireno expandido de 15 kg/m<sup>3</sup>, dúas conducións en previsión de paso de instalacións e unha capa inferior de formigón. Estes módulos irán pintados nos laterais con franxas de 50 cm de ancho e unha inclinación de 63°. A altura da franxa pintada será de 65 cm. Tamén se pintarán destes xeito as cabezas dos extremos do dique flotante.

Estas obras cimentaranse mediante liñas de fondeo formadas por cadea de 40 mm cunha lonxitude de 50 m, cos puntos de fondeo situados a uns 50-60 metros. Os mortos estarán realizados en formigón en masa con forma de cuña.



Moaña

**PORTO**  
Moaña

**MUNICIPIO**  
Moaña

**TÍTULO DA OBRA**  
Mellora de abrigo do dique flotante en Moaña

**PRESUPOSTO**  
678.023,50 €

**INICIO DA OBRA**  
11/3/20

**FIN DA OBRA:**  
15/7/20

**ESTADO**  
Executada

## MUROS

Demolición da nave industrial para fábrica de xeo en Muros

As obras consisten na demolición dunha nave industrial utilizada previamente como fábrica de xeo e en estado de abandono na actualidade.

Está situada na entrada do peirao de Muros e ten un importante deterioro nalgúns partes da edificación. O edificio conta con planta baixa nunha parte e baixo e primeiro noutra parte. As dimensións son de 24,5x18,65m.

O edificio ten planta rectangular cun espazo principal de maior altura dedicado ao almacenamento de xeo e unha serie de espazos de menor altura para usos diversos.

A demolición efectuarase seguindo a orde inversa á que corresponde a construción da obra nova, procedendo dende arriba cara abaixo.

O edificio ten cuberta de fibrocemento e prevese a existencia de amianto no correspondente plan de desamiantado.

Muros



**PORTO**  
Muros

**MUNICIPIO**  
Muros

**TÍTULO DA OBRA**  
Demolición da nave industrial para fábrica de xeo en Muros

**PRESUPOSTO**  
68.321,42 €

**INICIO DA OBRA**  
3/7/20

**FIN DA OBRA:**  
7/8/20

**ESTADO**  
Executada



## NOIA

Mellora do acceso peonil no borde portuario de Noia




As obras consisten na implantación dun tramo de 125 m de borde peonil dende a confluencia do "Paseo do peirao do marqués" coa rúa Pedro Sarñaña ata a rúa Costa Ferrador no límite da zona de DPP. Este paseo consiste nunha estrutura de aceiro inoxidable 316 e pavimento de madeira tropical de 2,5 m de anchura en voladizo por fora do muro, mantendo o peitoril en case toda a lonxitude.

As obras comezan coa limpeza do muro e o peitoril e a desmontaxe de 2,3 m deste último para conectar co paseo.

A parte principal da obra é a creación da propia pasarela.

Esta pasarela contará cunha varanda de aceiro inoxidable co pasamáns de madeira e un pavimento de madeira.



**PORTO**  
Noia

**MUNICIPIO**  
Noia

**TÍTULO DA OBRA**  
Mellora do acceso peonil no borde portuario de Noia

**PRESUPOSTO**  
357.767,21 €

**INICIO DA OBRA**  
18/10/19

**FIN DA OBRA:**  
21/2/20

**ESTADO**  
Executada

## PORTO DO SON

Acondicionamento do borde portuario de Porto do Son



As obras consisten no acondicionamento do borde portuario do porto de Porto do Son.

O proxecto inclúe toda a ordenación e repavimentación da zona portuaria que está máis en contacto coa vila. Inclúe tamén a construción dun edificio de servizos de 442 m<sup>2</sup> útiles interiores dividido en dous locais independentes.

A actuación iníciase na zona do cruceiro, resolven-do o acceso dende a AC550 mediante una rotonda. Nesta zona do cruceiro crearase un miradoiro.

Na zona do muro que contén a estrada sobre o parque e a praia, a beirarrúa faise máis longa, iniciándose o paseo. A partir de aí o pavimento e o arborado delimitan os usos.

A pavimentación dos espazos máis relevantes e na zona máis próxima ao mar farase en lousa de granito, chegando ao enrochado mediante gradas, escaleiras e pequenos balcóns e miradoiros.

Na zona de Barranqueira, proxéctase unha praza de granito onde se reubica a fonte.



**PORTO**  
Porto do Son

**MUNICIPIO**  
Porto do Son

**TÍTULO DA OBRA**  
Acondicionamento do borde portuario de Porto do Son

**PRESUPOSTO**  
4.053.794,21 €

**INICIO DA OBRA**  
21/7/20

**FIN DA OBRA:**  
20/1/22

**ESTADO**  
En execución




Á altura da praza de España defínese unha estrutura de postes e vigas cruzadas en madeira que recorda aos secadoiros das redes. Un pouco máis adiante, defínense dúas grandes superficies, unha libre e outra arborada (esta última cun uso previsto de aparcadoiro).

Na zona final do paseo, sitúase unha edificación para edificio de usos náuticos, unha estrutura de formigón armado e planta baixa con cuberta plana.

## RIBADEO

Dragaxe da zona central da canle de acceso ao peirao comercial do porto de Ribadeo



**PORTO**  
Ribadeo

**MUNICIPIO**  
Ribadeo

**TÍTULO DA OBRA**  
Dragaxe da zona central da canle de acceso ao peirao comercial de Ribadeo

**PRESUPOSTO**  
394.002,62 €

**INICIO DA OBRA**  
22/4/20

**FIN DA OBRA:**  
15/10/20

**ESTADO**  
Executada

As obras consisten no dragado do canal de acceso ao porto comercial de Mirasol ata acadar un calado de -4 e no dragado da entrada da bocana da dársena náutica ata acadar un calado de -3.

A zona de dragado do canal prevista ten unha lonxitude duns 500 metros e un largo medio de 60 metros, estando comprendida toda a zona entre o fronte do canal próximo á lonxa e o inicio do peirao comercial.

Nas dúas zonas trátase de restablecer cotas existente con anterioridade.


Na zona central do canal de acceso os traballos realízanse por medios mecánicos marítimos e non se ten previsto dragar rocha. A proximidade dos restos do "pecio" "Galeón de Ribadeo" fai preciso balizalo mediante boías para asegurar a súa protección.



Na bocana da dársena náutico deportiva defínense dúas zonas, unha mesmo fronte á bocana de entrada e ata o último finger do pantalán e outra pequena superficie ao sur desta e ata chegar ao pantalán de espera. En ambos casos, o dragado esténdese ata o corte do terreo natural cunha inclinación 5:1.

## RIBEIRA

Reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón no concello de Ribeira



**PORTO**  
Ribeira

**MUNICIPIO**  
Ribeira

**TÍTULO DA OBRA**  
Reordenación do paseo das Carolinas e do parque García Bayón no concello de Ribeira

**PRESUPOSTO**  
441.833,97 €

**INICIO DA OBRA**  
23/9/20

**FIN DA OBRA:**  
22/2/21

**ESTADO**  
En execución



Reordenar o Paseo das Carolinas e o Parque García Bayón dando preferencia ao peatón fronte ao tráfico rodado e conferirlle aos viais o carácter urbano que lle corresponde. Contéplase ademais a execución dun carril bici para intentar unir o existente no Paseo de Touro co do Paseo de Coroso, dando así continuidade ao mesmo ao longo de toda fachada marítima do casco urbano.

As actuacións máis importantes a realizar serán as seguintes:

No Parque García Bayón

- Demoler un tramo de beirarúa exterior que o circunda.
- Substituír o pavimento, excepto na zona do parque infantil

No Paseo das Carolinas

- Manter un único carril de circulación en dirección saída de Ribeira.
- Ampliar a xardinería central existente.
- Reordenar a marxe dereita, colocando unha banda de aparcamentos en batería e deixando o resto do espazo resultante para uso peonil.
- Instalar un caril bici por toda a marxe esquerda do Paseo das Carolinas.

## VIVEIRO-CELEIRO

Dragaxe dos portos de Viveiro-Celeiro



**PORTO**  
Viveiro-Celeiro

**MUNICIPIO**  
Viveiro

**TÍTULO DA OBRA**  
Dragaxe en Viveiro-Celeiro

**PRESUPOSTO**  
1.034.550,00 €

**INICIO DA OBRA**  
12/12/19

**FIN DA OBRA:**  
31/7/20

**ESTADO**  
Executada



As obras consisten no dragado dos portos de Viveiro – Celeiro para garantir a operatividade dos mesmos. Estes traballos consistirán no dragado de 49.940,69 m<sup>3</sup> de material nas dársenas de Viveiro e Celeiro, así como do canal de acceso ao porto de Viveiro.

A profundidade escollida está entre a -7 e a -8 no porto de Celeiro e entre a -2 e -3 no porto de Viveiro. Todo o canal dragarase á cota -3.

Dentro destes materiais hai 39.550,09m<sup>3</sup> de materiais de categoría A e 4.783,75m<sup>3</sup> de categoría B. A maior parte do material prevese que se deposite en alta mar, se ben uns 9300 m<sup>3</sup> se empregarán na praia de Covas, nunha superficie duns 7000m<sup>2</sup>. O proxecto inclúe tamén uns 760m<sup>3</sup> de dragaxe en rocha.

## XUFRE

Ampliación do dique flotante no Xufre



**PORTO**  
Xufre

**MUNICIPIO**  
Illa de Arousa

**TÍTULO DA OBRA**  
Ampliación do dique flotante no Xufre

**PRESUPOSTO**  
312.180,00 €

**INICIO DA OBRA**  
12/11/20

**FIN DA OBRA:**  
30/11/20

**ESTADO**  
Executada

As obras consisten na ampliación en 60 metros do dique flotante para mellorar o abrigo dos novos pantaláns profesionais.

Os traballos implican a ampliación do dique, actualmente de 240 metros, con dous novos módulos de 20x5 metros na cara sur e outro de 20x5 na cara norte, levando a lonxitude total do dique flotante aos 300 metros. A ampliación sur protexerá principalmente os pantaláns de 3ª lista e as ramplas e a norte protexerá os pantaláns de acuicultura.

Os módulos de dique flotante son bloques monolíticos de formigón armado de 20 metros de lonxitude, 5 metros de ancho e 1,8m de puntal. Teñen o interior recheo de polistireno expandido, que é o que garante a flotabilidade. Os módulos estarán dotados de 2 conducións de 55 mm para a previsión de paso de instalacións de servizo.

A cimentación estará realizada mediante o emprego de 15 mortos de formigón con forma de cuña. Os módulos de dique flotante estarán unidos a estes mortos por medio de cadeas de aceiro.

## 4.2. INVESTIMENTOS MENORES MÁIS SIGNIFICATIVOS

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
A Guarda	Reforma da rede interior de evacuación de augas sucias da lonxa	1.927,53 €
A Pasaxe (A Guarda)	Tala de árbores mortas	319,44 €
A Pobra	Mellora e reforzo do pavimento do vial e explanada pesqueira no porto de A Pobra	48.061,89 €
A Pobra	Substitución urxente da bomba de saneamento do peirao vello do porto de A Pobra do Caramiñal.	4.071,65 €
A Pobra	Reparación da porta de acceso á vivenda da nave de Ecurís no porto de A Pobra do Caramiñal.	133,10 €
Aguiño (Ribeira)	Reparación urxente da bomba de auga salgada do porto de Aguiño	486,40 €
Aguiño (Ribeira)	Inspección e posta en servizo urxente da bomba de auga salgada do porto de Aguiño (es del 2019)	446,01 €
Aguiño (Ribeira)	Retirada urxente, por razóns de seguridade, do beirado do edificio da lonxa de Aguiño	1.004,30 €
Aldán (Cangas)	Reforma interior do antigo bar para crear catro departamentos para usuarios	12.035,87 €
Aldán (Cangas)	Construción dunha canalización para a evacuación de augas sucias dos departamentos de usuarios	1.409,65 €
Arcade (Soutomaior)	Ampliación e mellora do pantalán pesqueiro P3	35.693,52 €
Arcade (Soutomaior)	Instalación de torretas para subministración de auga e enerxía ao pantalán pesqueiro P3	5.994,34 €
Ares	Novo peche de acceso ao pantalán pesqueiro	1.331,00 €
Ares	Campaña de control de espesores e resistencia de formigón de explanada da zona de varada	2.588,19 €
Ares	Reparación pirona. Control de acceso á zona pesqueira de Ares	2.132,75 €
Baiona	Desmantelamento da gasoleira no peirao pesqueiro	6.691,30 €
Baiona	Mellora das condicións sanitarias dos aseos da estación marítima	2.178,00 €
Boiro	Reparación e inspección da boia do vértice SE Polígono Caramiñal C, sita nas inmediacións do porto de Cabo de Cruz	5.218,73 €
Boiro	Elementos de sinalización vertical no porto de Cabo de Cruz	2.552,29 €
Brens-Cee (Cee)	Subministración de dúas mangueras para servizo do peirao comercial do porto de Brens	476,18 €
Bueu	Instalación dun novo equipamento para o bombeo das augas sucias xeradas na lonxa	19.167,82 €

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Bueu	Nova instalación para subministración de auga ós usuarios na explanada da lonxa	4.594,73 €
Bueu	Reforma do pozo de bombeo de augas sucias da lonxa	3.260,95 €
Bueu	Reparación de fuga de auga	130,86 €
Bueu	Reparación de urxencia nos pantaláns do porto de Bueu	3.616,02 €
Burela	Mellora nave redes Expomar. Cambio de canlón, peto cuberta e enrellado perimetral	42.414,13 €
Burela	Nova cuberta de panel sandwich. Departamentos de armadores da confraría	48.199,14 €
Burela	Rescate de vehículo caído ao mar no peirao norte	2.439,36 €
Burela	Corte con fío de diamante de recalce. Peirao de armamento de Astilleros Armón Burela, S.A.	10.164,00 €
Burela	Reparación de emerxencia por temporal de cuberta. Nave de redes e peche pbip	4.936,80 €
Burela	Servizo de inspección periódica de ascensores nas oficinas portuarias da zona norte (Burela)	72,60 €
Burela	Modificación e reparación de balizamento no porto de Burela	2.752,75 €
Cabo de Cruz (Boiro)	Reparación urxente de fuga de auga na rede de saneamento no porto de Cabo de Cruz	999,34 €
Camariñas	Substitución urxente dos canlóns da nave de redes e nave de departamentos de usuarios do porto de Camariñas, derrubados polo temporal	23.504,50 €
Camariñas	Nova cuberta dos departamentos de Camariñas	45.451,47 €
Camariñas	Construción de 13 novos peches para depósito de caixas no porto de Camariñas	31.357,45 €
Camariñas	Retirada urxente, por razóns de seguridade, de canlón desprendido da nave de departamentos, e aseguramento de chapas da cuberta desprendidas polo temporal da nave de redes do porto de Camariñas	2.057,00 €
Camariñas	Nova fachada metálica na lonxa de Camariñas	34.320,20 €
Cangas	Mellora da flotabilidade e outros nos pantaláns pesqueiro e da escola de vela	8.402,35 €
Cangas	Instalación de novos elementos de iluminación led para a mellora das condicións de traballo na nave de redes	6.615,75 €
Cangas	Ampliación da rampla de acceso á lonxa	4.597,49 €
Cangas	Reforma da rede interior de evacuación de augas sucias da lonxa	1.286,23 €

<< Vén da páxina anterior

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Cangas	Eliminación da vertedura de augas de baldeo da lonxa á dársena	3.569,50 €
Cariño	Nova galería de servizos de abastecemento e electricidade no pantalán de Cariño	12.402,80 €
Cariño	Porta secciona. Nave de redeiras	4.174,50 €
Cariño	Lavabo na nave de redeiras e mandos monomando en aseo de oficina portuaria	1.399,97 €
Cariño	Campaña de retirada de area na rampla de varada	11.121,11 €
Celeiro (Viveiro)	Reparación de danos en cuberta da nave de redes por temporal	15.427,50 €
Celeiro (Viveiro)	Instalación de cuberta invertida e peto frontal en cuberta. Nave de redes de Celeiro	47.894,22 €
Celeiro (Viveiro)	Novos aseos. Nave de redes de cerco	23.134,70 €
Combarro (Poio)	Reforma da parcela para varada de embarcacións de 3 e 4 lista	12.443,64 €
Corcubión	Instalación de peche de cristal e biombo nas oficinas portuarias de Corcubión	605,23 €
Corcubión	Reparación urxente do portalón de acceso ao garaxe das oficinas portuarias de Corcubión	405,35 €
Domaio (Moaña)	Reparación de tellados no edificio da Autoridade Portuaria en Corbaceiras nos departamentos de Meira	12.097,58 €
Domaio (Moaña)	Varias actuacións pendentes	2.890,69 €
Fisterra	Reparación de soleira da zona de subhastas na lonxa de Fisterra	2.307,71 €
Fisterra	Substitución urxente, por razóns de seguridade, de argola de pilote do pantalán de reparto das instalacións para embarcacións menores do porto de Fisterra, rota polo temporal	3.835,76 €
Fisterra	Reparacións urxentes, por razóns de seguridade, en pantalán do porto de Fisterra	586,21 €
Laxe	Ampliación para zona lavadoiro na lonxa de Laxe	13.124,48 €
Laxe	Retirada urxente de tramo de canlón desprendido do PIF e reparación de porta das oficinas portuarias do porto de Laxe	373,89 €
Laxe	Aliviadoiro de pluviais no porto de Laxe	24.187,90 €
Lorbé (Oleiros)	Limpeza do tellado dos departamentos	483,76 €
Lorbé (Oleiros)	Traballos topográficos para o estudo do ensanche e encaixe de novos aparcamentos na vía de acceso ao porto de Lorbé	422,29 €
Malpica	Remodelación interior da lonxa de Malpica	26.718,23 €
Malpica	Reparación urxente de fugas de auga na tubaxe xeral que alimenta o peirao norte do porto de Malpica	6.109,29 €
Maniños-Barallobre (Fene)	Execución de aseos para mariscadores na lonxa de Barallobre	36.738,96 €

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Marin	Retirada dos pantaláns de 7ª lista do porto de Aguate	4.174,50 €
Meira (Moaña)	Redistribución das prazas de maiores dimensións no pantalán	10.788,89 €
Meira (Moaña)	Reparación do espigón do dique	9.377,50 €
Miño	Reparación urxente, por razóns de seguridade, de danos provocados polo temporal nos pantaláns para embarcacións menores do porto de Miño	3.043,15 €
Moaña	Reforma da instalación eléctrica no peirao de Mosqueira	8.444,84 €
Mugardos	Reparación de filtracións. Carpintería metálica na lonxa de Mugardos	2.226,40 €
Muros	Instalación de estores nas fiestras das oficinas portuarias de Muros	443,34 €
Muros	Reparación urxente de fuga de auga no Porto de Muros	438,47 €
Muros	Reparación urxente de fuga de auga na rede xeral de abastecemento no Porto de Muros	136,29 €
Muros	Reparacións urxente da cuberta do edificio de lonxa e departamentos do porto de Muros	9.652,85 €
Muxía	Reparación de urxencia na cuberta da lonxa de Muxía	726,00 €
Muxía	Substitución de pavimento no porto de Muxía	37.389,00 €
O Pindo (Carnota)	Reparación da porta dos aseos no edificio multiusos do porto do Pindo	125,84 €
O Vicedo	Instalación de pavimento tecnolóxico nos pantaláns do porto	43.595,89 €
O Vicedo	Mellora do alumeamento portuaria con tecnoloxía led e nova rede de abastecemento de auga á zona de varada	23.213,06 €
O Vicedo	Reparación da marquesiña por accidente de tráfico. Reclamación á compañía Mapfre, con número de sinistro 500886102	1.315,88 €
O Vicedo	Reparación da marquesiña por accidente de tráfico. Reclamación á compañía Mapfre, con número de sinistro 502234062/8495jyg	1.315,88 €
O Xufre (A Illa de Arousa)	Reparación do dique flotante	2.459,93 €
O Xufre (A Illa de Arousa)	Mellora do alumeamento nos pantaláns mexilloeiros	9.183,90 €
Ortigueira	Proxecto de execución da urbanización do entorno dos departamentos de usuarios no porto de Ortigueira	5.868,50 €
Ortigueira	Renovación do pavimento de madeira por sintético nos pantaláns nº 1, 2 e 3 do porto	44.054,41 €
Ortigueira	Cambio de bombín e copias de chaves do cadro de corte de subministracións de luz e auga. Pantaláns 2 e 3	502,15 €
Palmeira (Ribeira)	Mellora do pavimento de instalacións flotantes no porto de Palmeira	34.292,31 €

Continúa na páxina seguinte >>

<< Vén da páxina anterior

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
<b>Pedras Negras (O Grove)</b>	Reparacións nos pantaláns do porto deportivo	<b>6.366,56 €</b>
<b>Pedras Negras (O Grove)</b>	Reparación de elementos de fondeo dos pantaláns do porto deportivo	<b>10.775,05 €</b>
<b>Pontecesures</b>	Novo punto de alumeamento na rampla de varada	<b>3.167,82 €</b>
<b>Pontedeume</b>	Reparación de porta e cambio de pechadura no acceso ao pantalán nº 1 para embarcacións menores do porto de Pontedeume	<b>623,15 €</b>
<b>Porto do Son</b>	Cambio das pechaduras das portas de acceso ós pantaláns para embarcacións menores 4 do porto de Porto do Son, por unhas de seguridade	<b>1.639,84 €</b>
<b>Porto do Son</b>	Finalización de obras de novos pantaláns de embarcacións menores no porto de Portosín	<b>45.935,18 €</b>
<b>Portocubelo (Carnota)</b>	Reparación urxente, por razóns de seguridade, da avaría provocada polo temporal en parte do cerramento da lonxa do porto de Portocubelo	<b>8.784,60 €</b>
<b>Portonovo (Sanxenxo)</b>	Colocación de placas numeradas no pantalán pesqueiro	<b>680,87 €</b>
<b>Portosín (Porto do Son)</b>	Subministración e colocación de 4 torretas postpago para subministración de auga e enerxía ós pantaláns para embarcacións menores do porto de Portosín	<b>10.111,44 €</b>
<b>Portosín (Porto do Son)</b>	Asistencia técnica para a redacción do proxecto técnico para a legalización de instalación eléctrica existente no porto de Portosín	<b>1.633,50 €</b>
<b>Portosín (Porto do Son)</b>	Reparación de flotación antiga en pantalán pesqueiro do porto de Portosín	<b>845,97 €</b>
<b>Rianxo</b>	Instalación de metacrilato nas oficinas portuarias de Rianxo como medida protectora consecuencia da crise provocada pola Covid-19	<b>65,36 €</b>
<b>Ribadeo</b>	Eliminación de escaleira de fábrica en espigón norte do peirao comercial de Ribadeo e defensas v-300 en peirao pesqueiro	<b>47.752,71 €</b>
<b>Ribadeo</b>	Actualización do sistema de pesada da báscula no peirao comercial	<b>14.854,30 €</b>
<b>Ribeira</b>	Mellora e reforzo do vial portuario da rotonda de Padín no porto de Ribeira e de explanadas fronte ao edificio da lonxa do porto de Portosín	<b>46.539,50 €</b>
<b>Ribeira</b>	Reparación e substitución de varios tramos de varandas de seguridade nos portos de Ameixida, Castiñeiras, Aguiño, Corrubedo e Ribeira	<b>42.737,20 €</b>
<b>Ribeira</b>	Subministración e instalación de dous guindastres no peirao da lonxa do porto de Ribeira	<b>15.730,68 €</b>

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
<b>Ribeira</b>	Reparacións urxentes do sistema de depuración da nova lonxa do porto de Ribeira	<b>10.708,50 €</b>
<b>Ribeira</b>	Desatascos urxentes e retirada e xestión de residuos acumulados no sistema de depuración da lonxa nova do porto de Ribeira por razóns sanitarias e de explotación portuaria	<b>6.867,96 €</b>
<b>Ribeira</b>	Reparacións urxentes do sistema de frío da nova lonxa do porto de Ribeira	<b>5.715,63 €</b>
<b>Ribeira</b>	Servizo urxente de vixilancia por necesidade de reforzo e mellora no control de accesos á nova lonxa do porto de Ribeira durante a crise sanitaria provocada pola Covid-19	<b>3.705,50 €</b>
<b>Ribeira</b>	Instalación de porta, peche de cristal e persianas nas oficinas portuarias de Ribeira	<b>3.366,90 €</b>
<b>Ribeira</b>	Reparación urxente da porta grande do montacargas pequeno da lonxa nova do porto de Ribeira	<b>3.188,62 €</b>
<b>Ribeira</b>	Desatascos urxentes e retirada e xestión de residuos acumulados no sistema de depuración da lonxa nova do porto de Ribeira por razóns sanitarias e de explotación portuaria	<b>3.179,40 €</b>
<b>Ribeira</b>	Substitución dos cóbados das conexións dos contadores de auga dos departamentos e do porto de Ribeira	<b>355,74 €</b>

Continúa na páxina seguinte >>



<< Vén da páxina anterior

PORTO	DESCRICIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Ribeira	Desatascos urxentes e retirada e xestión de residuos acumulados no sistema de depuración da lonxa nova do porto de Ribeira por razóns sanitarias e de explotación portuaria	1.806,52 €
Ribeira	Reparacións urxentes do sistema de frío da nova lonxa do porto de Ribeira	1.259,48 €
Ribeira	Reflotamento urxente do buque Nécora afundido na dársena do porto de Ribeira (R.P.)	1.210,00 €
Ribeira	Reparación urxente, por razóns de seguridade e de explotación, da nova lonxa e lonxa vella do porto de Ribeira	1.095,05 €
Ribeira	Reparacións urxentes, por razóns de seguridade e de explotación portuaria, nos portos de Ribeira e Palmeira	877,25 €
Ribeira	Reparación urxente de elemento de seguridade no foso do ascensor de Administración da Lonxa de Ribeira.	442,24 €
Ribeira	Mantemento anual do sistema de climatización das oficinas portuarias de Ribeira	296,45 €
Ribeira	Reparación urxente do montacargas da lonxa nova do porto de Ribeira	273,46 €
Ribeira	Colocación urxente de boia de sinalización do buque L'etel afundido da dársena do porto de Ribeira (R.P.)	242,00 €
Ribeira	Desatascos urxentes de reixa e canlón de fecais da nova lonxa do porto de Ribeira	145,20 €
Ribeira	Instalación de reixas fixas nos sumidoiros dos departamentos de usuarios da lonxa nova de ribeira	2.613,60 €
Ribeira	Substitución urxente de cortina fotoelétrica do ascensor da Lonxa de Ribeira	1.354,52 €
Ribeira	Execución de by-pass na impulsión de auga bruta na EDAR da lonxa de Ribeira	3.988,86 €
Sada	Construción e instalación de punto limpo no porto de Sada-Fontán	8.470,00 €
Sada-Fontán	Reparación urxente dun finger no pantalán de profesionais no Porto de Sada	647,23 €
Santa Cristina de Cobres (Vilaboa)	Reconstrución do pavimento da rampla do espigón en formigón armado	25.613,28 €
Tragove (Cambados)	Pavimentación do vial de acceso ao peirao da Toxa e pavimentación da explanada de aparcamento en terra anexa á nave de Mariscos Daporta en Tragove	43.206,68 €
Tragove (Cambados)	Nova instalación de alumeamento para o pantalán da 4ª lista	9.814,92 €
Varios portos	Reparación de trens de fondeo e outras instalacións de balizamento marítimo	38.306,18 €

PORTO	DESCRICIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Vigo	Saneamento, reparación e reposición da boia e tren de fondeo do porto de Canido	11.439,34 €
Vilagarcía	Reparación do dique flotante do Carril (o traballo realizouse antes de contratar)	4.525,40 €
Vilanova de Arousa	Nova instalación para o subministración de enerxía eléctrica nos pantaláns dos mariscadores	5.894,88 €
Vilanova de Arousa	Reparación de varias fugas na rede de subministración de auga	840,95 €
Vilanova de Arousa	Instalación de pavimento tecnolóxico nos dous pantaláns pesqueiros	31.342,63 €
Vilaxoán (Vilagarcía)	Substitución do pavimento de madeira tropical deteriorado por un novo de madeira tecnolóxica	13.634,39 €
Vilaxoán (Vilagarcía)	Melloras no alumeamento do Xufre, Campelo e Vilaxoán	8.358,68 €
Vilaxoán (Vilagarcía)	Reparación do pantalán para descarga da pesca	4.606,47 €
Varios	Reparación urxente do portalón de acceso ao garaxe sur das oficinas da zona centro	799,81 €
Varios	Mantemento dos pilotes dos pantaláns nos portos de Vilanova, Vilaxoán e Cambados-Tragove	38.146,46 €
Varios	Repintado da sinalización horizontal na Pasaxe, A Guarda, Baiona, Panxón, Canido, Cesantes, Meira, Bueu e Aguete	31.175,65 €
Varios	Implementación dunha ferramenta de xestión das instalacións eléctricas	17.424,00 €
Varios	Novo pavimento tecnolóxico nos pantaláns pesqueiros do peirao de Chousa en Combarro e do peirao do Chasco en Portonovo	38.883,63 €
Varios	Redacción dun proxecto para a mellora da accesibilidade nos portos de Cangas, Moaña e Bueu	12.100,00 €
Varios	Subministración de gasoil calefacción	3.086,90 €
Varios	Asistencia técnica para a realización da auditoría eléctrica en varias instalacións portuarias dependentes da zona centro de Portos de Galicia	17.363,50 €
Varios	Subministración de material eléctrico e de alumeamento para Cangas e Moaña	1.699,84 €
Varios	Subministración de material de oficina, papelería e consumibles informáticos	1.575,46 €
Varios	Subministración de material eléctrico necesario para a reposición urxente en portos de Pontedeume a Muxía	18.044,00 €
Varios	Ribadeo-Burela-Celeiro: contrato de mantemento de 3 elevadores en zona norte para el período 2020	4.086,36 €
Varios	Contrato de conexión central de alarmas	953,61 €

Continúa na páxina seguinte >>

<< Vén da páxina anterior

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Varios	Mantemento axardinado da zona exterior da xefatura zona norte	871,20 €
Varios	Subministración de 4 cadeiras xiratorias para as oficinas portuarias	1.323,74 €
Varios	Verificación obrigatoria de báscula de Ribadeo por organismo de control autorizado	968,00 €
Varios	Subministración de material de oficina (papelería e consumibles informáticos)	5.599,82 €
Varios	Tratamento exterior de pilotes nos pantaláns de Ribadeo, Foz, Burela, Celeiro, Vicedo, Barqueiro, Ortigueira, Cariño, Barallobre e Ares	40.410,03 €
Varios	Plan de acción de sinalización horizontal 2020 en varios portos da zona norte	1.681,45 €
Varios	Subministración de material preventivo Covid-19 en oficinas portuarias	235,18 €
Varios	Reparacións varias de fontanería nos portos da zona norte rev01/2020	3.102,44 €
Varios	Reparación en instalacións náuticas dos portos de Foz, Burela, Morás, Cariño, Barallobre, Mugardos e Ares	13.165,95 €

PORTO	DESCRIPCIÓN DO EXPEDIENTE	PRESUPOSTO
Varios	Mantemento dos pilotes dos pantaláns nos portos de Beluso e Cangas	24.206,84 €
Varios	Substitución de estores deteriorados	1.122,88 €
Varios	Renovación de sinalización horizontal en Sada e A Pobra	29.802,47 €
Varios	Reparacións en pantaláns do Xufre, Carril, Vilaxoán, O Grove, Portonovo e Combarro	6.420,88 €
Varios	Adaptación da porta de acceso ao Rexistro das oficinas da Zona Centro de Portos de Galicia para o cumprimento das normas establecidas como consecuencia da crise provocada pola Covid-19	110,00 €
Varios	Reparacións urxentes en pantaláns dos portos de Camariñas, Muxía e Sada	2.330,46 €
Varios	Reparacións en pantaláns do Xufre, Vilaxoán, Portonovo, Pedras Negras e Tragove	3.914,11 €
Varios	Reparación dos sistemas de control de accesos ós peiraos pesqueiros de Chousa e Portonovo	731,88 €



## 5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

### 5.1. CONCESIÓN

Ao peche de 2020, nos portos de titularidade autonómica existen 391 concesións en vigor, das que 8 foron outorgadas ao longo de dito exercicio. Ademais, algo máis de medio cento foron modificadas substancialmente e tramitáronse centenas de autorizacións administrativas.

PORTO	TÍTULO	ANO OUTORG.	ANO VENC.	PRAZO DA CONCESIÓN
A Guarda	Ocupación do edificio de usos pesqueiros con destino a nave de redes	2009	2019*	10
A Guarda	Explotación e xestión da lonxa no porto da Guarda	2018	2033	15
A Pobra do Caramiñal	Construción dun edificio para oficinas da asociación	2002	2017*	15
A Pobra do Caramiñal	Explotación e xestión da lonxa	2000	2020*	20
A Pobra do Caramiñal	Ampliación fábrica de conservas da súa propiedade	1943	2022	80
A Pobra do Caramiñal	Parcela para parque público	1949	2022	74
A Pobra do Caramiñal	Edificación dun grupo escolar	1949	2022	74
A Pobra do Caramiñal	Construción dun edificio para oficinas e almacén da asociación	2002	2025	23
A Pobra do Caramiñal	Construción de nave para industria dedicada a axentes consignatarios de buques	2001	2031	30
A Pobra do Caramiñal	Explotación de bar-cafetería da terminal comercial da Pobra do Caramiñal	2018	2033	15

PORTO	TÍTULO	ANO OUTORG.	ANO VENC.	PRAZO DA CONCESIÓN
A Pobra do Caramiñal	Explotación de instalación náutico-recreativas no porto da Pobra do Caramiñal	2014	2034	20
A Pobra do Caramiñal	Construción de instalacións de subministración de combustible no porto	2013	2038	25
A Pobra do Caramiñal	Ocupación de edificación destinada a centro de formación marítima de prevención de riscos e de seguridade no dominio público portuario da Pobra do Caramiñal	2019	2039	20
A Pobra do Caramiñal	Ocupación de terreos portuarios. Depósito de contedores para almacenamento frigorífico de produtos alimentarios perecedoiros	2019	2054	35
A Toxa	Ocupación do edificio da estación marítima	1999	2004*	5
Aguiño	Explotación e xestión da lonxa	1999	2024	25
Aguiño	Instalación de tubaxe de aspiración de auga do mar para abastecemento dun depósito de mariscos	1960	2022	62
Aguiño	Instalación e explotación de caseta desmontable para bar-cafetería	2018	2023	5
Aguiño	Instalación de dúas canalizacións de recollida e expulsión de auga no porto	2010	2025	15

\* Pendente de novo título

Continúa na páxina seguinte >>

<< Vén da páxina anterior

PORTO	TÍTULO	ANO OUTORG.	ANO VENC.	PRAZO DA CONCESIÓN
<b>Aguiño</b>	Ocupación de instalacións de D.P.P. para nave e carro varadoiro	2006	2026	20
